



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

ACTA

ÓRGANO COLEXIADO	PLENO	
TIPO DE SESIÓN	EXTRAORDINARIA	
LUGAR	SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO DE BOIMORTO	
DATA	19.02.2020	
HORARIO INICIO	13:00 H.	
HORA FINALIZACIÓN	13:42 H	
ASISTENTES		
	CONCELLEIROS ELECTOS	DNI
PP	Dna. María Jesús Novo Gómez	44814623C
	Dna. Patricia Taboada García	47374521H
	D. Manuel José Nieto Sesar	79332926S
	D. Jesús José Fernández García	45908046T
	-----	-----
	D. Javier Costoya Souto	79329690E
PSOE	Dna. Sandra Sánchez Iñiguez	79336069F
	-----	-----
	D. José Antonio Somoza Enjamio	22746836C
BNG	D. José Luís Rivas Cruz	33804443D
	-----	-----
AUSENTES		
PP	Dna. Fátima Espiño Lojo	49206076Z
BNG	Dna. Ana María Aguión Sandá	33804443D
SECRETARIO: D. Jorge Boado Fernández		
ORDE DO DÍA:		
Único.- Aprobación inicial do orzamento municipal 2020.		

No Salón de plenos da Casa do Concello de Boimorto, sendo a hora e data indicada, reúnen-se, previamente convocados ao efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 195 e 196 da LO 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 37 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, referentes á Constitución das Corporacións Locais e á elección de Alcalde, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día 26.05.2019.

Acto seguido dáse comezo a sesión e procédese ao tratamento dos puntos da orde do día:



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2020

Aberto o punto da orde do día pola Alcaldía-Presidencia procédese ao tratamento do mesmo.

Polo secretario dáse lectura á proposta de acordo que a continuación se transcribe literalmente:

<<PROPOSTA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2020

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2020 do Concello de Boimorto, esta Alcaldía Presidencia solicita, de confirmidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en aplicación dos artigos 97.2 e 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización de funcionamento das entidades locais.

Proponse que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2020 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de 2.798.116,15 € así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

EJERCICIO ECONOMICO DE 2020

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.590.693,99
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	798.890,54
3	GASTOS FINANCIEROS	1.942,81
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	105.314,00
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REALES	301.274,81
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.798.116,15

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	514.767,66
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	36.306,29
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	892.242,71
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.044.519,68
	INGRESOS PATRIMONIALES	45.005,00
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	265.274,81
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	2.798.116,15



SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2020, tal e como son presentadas no expediente.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal :



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

Admón. Xeral.-Aux.administrativo.-C2.-18.-0.- Programa funcionario interino auxiliar servizos sociais

Admón. Xeral.-Informático.-C1.-18.-1.-0.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa

1.-0.-Conductor camión.-Completa

1.-0.-Subalerno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa

1.-0.-Peón recollida lixo - tratorista.-Completa.-Completa

1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa

1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa

3.-1.-Ocupada por temporal -Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.

1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-Xornada.

13.-Auxiliar Axuda a domicilio.-1 Xornada 25 horas / 12 completa

1.-Animadora cultural.-Xornada completa

3.- Mestras PAI.- 3 xornada completa

1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa

1.- Electricista.- Xornada completa

2.- Condutores.- Xornada completa

2.- Persoal de limpeza.- 1 Xornada completa.-1 Xornada parcial

1.- Directora Residencia

1.- Fisioterapeuta.- Xornada completa

2.- ATS.- Xornada completa

1.- Piche.- Xornada completa

20.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa

2.- Socorristas

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

- Retribucións: A Alcaldía desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

- Asistencias: Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

- Indemnizacións: Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos termos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2020 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- *O expediente completo de referencia considerárase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no punto cuarto anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.*

SEXTO.- *No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no punto 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no punto 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.*

SÉTIMO.- *Unha vez completo o expediente, envíanse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia.>>*


A continuación a Alcaldía - Presidencia apertura o turno de intervencións respecto do punto en cuestión.

O concelleiro D. José Luís Rivas Cruz toma a palabra e manifesta que o orzamento presentado ten varios aspectos que non lle convencen como:

- O feito de que as inversións só alcancen os 301.000 euros;
- As subvencións nominativas contempladas non se xustifican;
- Para a implementación da RPT só se contempla 12.000 euros, insuficiente;
- 6.000 euros en produtividade para funcionarios e 6.500 euros para persoal laboral, o cal é inxusto;
- O gasto corrente do POS alcanza os 148.000 euros, unha barbaridade e despois temos 100.000 euros en nominativas, en fin...;
- Se renuncia a facer políticas de dinamización, non hai futuro con este proxecto de orzamento para os veciños do Concello de Boimorto...
- O técnico informático entendo que a metade do salario vaino pagar o Concello de Arzúa, sería o colmo...
- Respecto da subvención nominativa do Festival da luz gustárame recalcar un ano máis que unha cousa é impulsar un evento para a súa posta en marcha e outra que haxa que financiarlo para sempre...a min paréceme que é un negocio ilícito manifesto...

E despois a tremenda carga de gasto que temos respecto do PAI, SAF e Residencia é motivado polo exercicio por parte deste concello e de outros de competencias impropias que agora están aí e hai que facerlle fronte, son servizos que hai que darlle unha volta...

- Finalmente indicar que no tocante a inversión do campo de fútbol ¿sempre hai que drenalo? ¿Case todos os anos? En fin... a subvención do fútbol tamén ten o seu aquel... paréceme ben axudar, pero hai tamén moitas outras necesidades.





CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A Alcaldía - Presidencia en contestación o manifestado polo anterior concelleiro indica que o orzamento deste exercicio supón un lixeiro incremento respecto do orzamento do exercicio anterior, existe un gran incremento no gasto do capítulo 1 debido as subidas salariais obrigatorias previstas para este exercicio 2020 o cal motiva unha redución de gasto noutros capítulos, como é o caso do capítulo 6, inversións. De todos os xeitos ao longo do ano faranse numerosas modificacións orzamentarias que incrementarán notablemente o apartado de inversións, vaixe traballar moito para conseguir subvencións e fondos doutras administracións públicas posto que temos a intención de incrementar notablemente o gasto de inversións ao longo do ano. Finalmente indicar que este equipo de goberno ten a intención de continuar coa xestión directa de case a totalidade de servizos que presta o concello, o cal motiva moito gasto de persoal pero tamén supón a redución de gasto noutros capítulos.

A concelleira Dna. Sandra Sánchez Iñiguez toma a palabra e manifesta que o orzamento tampouco o ve con bos ollos, xa que como xa manifestou o concelleiro do grupo do BNG:

- O importe contemplado para a implementación da futura RPT é manifestamente insuficiente.
- Os importes de gratificacións/productividade contemplados para funcionarios e persoal laboral son moi desiguais, a noso xuízo tamén están mal.
- Si que é certo que a subvención para o Clube de atletismo si que nos parece ben.
- En inversións existe un recorte de 200.000 euros respecto do exercicio anterior, parécenos moito e inexplicable.
- Os capítulos 1 e 2 de ingresos non soben nada practicamente sen embargo o capítulo 3 sobe case 90.000 euros, ¿Cal é o motivo?
- Despois no capítulo 5 aparecen 45.000 euros co concepto de venta de madeira, ¿en qué finca?
- No capítulo 7 de ingresos tamén hai unha redución, ¿Cal é o motivo?
- En fin, trátase dun proxecto de orzamento sen ningún tipo de futuro para este concello e os seus veciños... con isto non se vai a ningunha parte...

A Alcaldía - Presidencia en contestación o manifestado pola concelleira indica que o orzamento esta confeccionado a realidade de gastos e ingresos do concello e feito dende un principio de prudencia e tendo en conta os datos do exercicio anterior. O gran incremento de gasto nos capítulos 1 e 2 motivado como xa indicamos polos incrementos retributivos e seguridade social do persoal e o encarecemento dos gastos vinculados aos servizos que presta o concello fai que lóxicamente haxa que compensalos con baixada de gastos noutros capítulos de gasto, como pode ser efectivamente a baixada en materia de inversión, aínda que nesta cuestión como xa indicamos temos traballar para conseguir fondos doutras administracións para esta finalidade.

Finalmente indicar que respecto o plan de futuro deste proxecto de orzamento é como mínimo como o plan de futuro que tiñamos cando o voso grupo gobernaba hai uns anos.

Non habendo máis intervencións, o Presidente somete finalmente o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno do Concello de Boimorto, trala votación ordinaria co seguinte detalle, **ADOPTA O SEGUINTE ACORDO:**

- **A FAVOR:** Dna. María Jesús Novo Gómez; Dna. Patricia Taboada García; D. Manuel José Nieto



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

Sesar; D. Jesús José Fernández García e D. Javier Costoya Sueiro (5)

- **ABSTENCIÓN:** Dna. Sandra Sánchez Iñiguez; D. José Antonio Somoza Enjamio e D. José Luís Rivas Cruz (3)
- **EN CONTRA:** (0)

“PROPOSTA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2020

Visto o expediente tramitado de Orzamento municipal para o exercicio 2020 do Concello de Boimorto, esta Alcaldía Presidencia solicita, de confirmidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en aplicación dos artigos 97.2 e 82.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización de funcionamento das entidades locais.

Proponse que o Pleno municipal adopte o presente **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal do Concello para o exercicio de 2020 que se presenta nivelado no seu Estado de Gastos e de Ingresos, ascendendo en ámbos estados á cantidade de 2.798.116,15 € así coma toda a documentación e anexos a él incorporados, asignándose a cada un dos Capítulos as seguintes cantidades:

EJERCICIO ECONOMICO DE 2020

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	GASTOS DE PERSONAL	1.590.693,99
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	798.890,54
3	GASTOS FINANCIEROS	1.942,81
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	105.314,00
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
6	INVERSIONES REALES	301.274,81
	TOTAL PRESUPUESTO DE GASTOS	2.798.116,15

RESUMEN

(ANTEPROYECTO)

ESTADO DE INGRESOS

CAPÍTULOS	DENOMINACIÓN	Importe
	1. OPERACIONES NO FINANCIERAS	
	1.1 OPERACIONES CORRIENTES	
1	IMPUESTOS DIRECTOS	514.767,66
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	36.306,29
3	TASAS, PRECIOS PÚBLICOS Y OTROS INGRESOS	892.242,71
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	1.044.519,68
5	INGRESOS PATRIMONIALES	45.005,00
	1.2 OPERACIONES DE CAPITAL	
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	265.274,81
	2. OPERACIONES FINANCIERAS	
8	ACTIVOS FINANCIEROS	
	TOTAL PRESUPUESTO DE INGRESOS	2.798.116,15

SEGUNDO.- Aprobar, igualmente, as bases para a execución do devandito orzamento municipal para o exercicio de 2020, tal e como son presentadas no expediente.

TERCEIRO.- Aprobar, así mesmo, e de conformidade co disposto polo art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril en relación co art. 126.1 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, a plantilla de persoal :



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A) PERSOAL FUNCIONARIO:

Escala.-Denominación.-Grupo.-Nivel C.D.-Nº prazas.-Vacantes

Hab. Nac.-Secretaría-Intervención.-A1/A2.-28.-1.-0.

Admón. Xeral.-Técnico/a xestión económica-financieira.-A2.-26.-1.-0

Admón. Xeral.-Administrativo.-C1.-22.-1.-0.

Admón. Xeral.-Aux. administrativo.-C2.-18.-1.-1.

Admón. Xeral.-Aux.administrativo.-C2.-18.-0.- Programa funcionario interino auxiliar servizos sociais

Admón. Xeral.-Informático.-C1.-18.-1.-0.

B) PERSOAL LABORAL FIXO:

Prazas.-Vacantes.-Denominación.-Xornada.

1.-0.-Traballador/a social.-Completa

1.-0.-Técnico/a local de emprego-Axente de emprego desenvolvemento local.-Completa.

1.-0.-Animador deportivo.-Completa

1.-0.-Técnico/a en intervención familiar-psicólogo/a.-Completa

1.-0.-Conductor camión.-Completa

1.-0.-Subalterno-conserxe peón oficios varios colexio.-Completa

1.-0.-Peón recollida lixo – tratorista.-Completa.-Completa

1.-0.-Encargado de obras e servizo de urbanismo.-Completa

1.-0.-Encargado servizos municipais (auga, rede de sumidoiros, etc).-Completa

3.-1.-Ocupada por temporal -Auxiliares de Axuda no fogar- Completa.

1.-0.- Conductor de paleadora desbrozadora - Completa.

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL:

Prazas.-Denominación.-Xornada.

13.-Auxiliar Axuda a domicilio.-1 Xornada 25 horas / 12 completa

1.-Animadora cultural.-Xornada completa

3.- Mestras PAI.- 3 xornada completa

1.- Técnico dinamización turístico- económica.- Xornada completa

1.- Electricista.- Xornada completa

2.- Condutores.- Xornada completa

2.- Persoal de limpeza.- 1 Xornada completa.-1 Xornada parcial

1.- Directora Residencia

1.- Fisioterapeuta.- Xornada completa

2.- ATS.- Xornada completa

1.- Pinche.- Xornada completa

20.- Auxiliares Residencia Centro de día.- Xornada completa

2.- Socorristas

De acordo co disposto no art. 75 da Lei 7/1985, RBRL publícanse as retribucións, asistencias e indemnizacións establecidas para os membros da Corporación:

Retribucións: A Alcaldía desempeñará a súa función en réxime de adicación exclusiva, con un soldo bruto mensual (14 pagas) de 2.800 euros, o que supón un soldo bruto anual de 39.200 euros.

-Asistencias: Os membros da Corporación que non teñan adicación exclusiva ou parcial, percibirán 60 euros por cada asistencia ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.

-Indemnizacións: Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, nos términos establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

CUARTO.- De conformidade co previsto polo art. 169.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045
E-mail: correo@boimorto.es Web: www.concellodeboimorto.es

facendas locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, expoñer ó público, polo prazo de quince días hábiles, o orzamento municipal para o exercicio de 2020 con todos os documentos que o conforman, mediante a inserción do edicto correspondente no Boletín Oficial desta Provincia e no taboleiro de anuncios da casa do concello, co fin de que os interesados ós que fai referencia o art. 170.1 do TRLRFL, poidan examinalo e presentar, de ser o caso, as reclamacións que procedan e polas causas taxadas que indica o art. 170.2 da mesma norma, ante o Pleno corporativo, que as resolverá xunto coa aprobación definitiva.

QUINTO.- O expediente completo de referencia considerarase definitivamente aprobado, sen necesidade de adopción de novo acordo, no caso de que non se presenten as reclamacións ás que se fai referencia no punto cuarto anterior, procedéndose, de seguido, á publicación do devandito orzamento resumido por capítulos nos anteditos BOP e taboleiro de anuncios, xunto co cadro de persoal, tal e como indican os artigos 127 do RDL 781/1986, do 18 de abril, 169.2 do TRLRFL 2/2004, e demais disposicións concordantes aplicables.

SEXTO.- No caso de se presentar reclamacións no prazo indicado no punto 4º do presente deberán ser resoltas, cos informes oportunos previos, polo Pleno Corporativo, resolvendo no mesmo acordo a aprobación definitiva que deixará expedita a vía contencioso-administrativa, procedéndose, trala indicada aprobación, á publicación na forma indicada no punto 5º anterior, tal e como indican os referidos artigos, así como segundo o disposto polo art. 171 do TRLRFL 2/2004, do 5 de marzo.

SÉTIMO.- Unha vez completo o expediente, enviaranse as copias correspondentes á Administración do Estado e á da Comunidade Autónoma, reservando unha terceira para enviar, no seu día, ó Consello de Contas de Galicia."

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía - Presidencia, levántase a sesión, sendo as 13:42 horas, do día 19.02.2020, da que se estende a presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Boimorto, 19 de febreiro de 2020.

<p>A alcaldesa,</p> <p>Asdo.- María Jesús Novo Gómez</p>	<p>O Secretario,</p> <p>CONCELLO DE BOIMORTO Secretario,</p> <p>Asdo. Jorge Boado Fernández</p>
--	--

Asdo.: Jorge Boado Fernández
Núm. 44811721/35/A/3015